




A COPETA




1. Nun papel cadrado marcamos as diagonais e as apotemas.




2. Unindo os vértices opostos - dous a dous- teremos esta figura, nos que una parte ficará dentro da outra.




3. Nela dobramos o vértice exterior superior cara a diante, até unilo co inferior. E facemos o mesmo co vértice de atrás.




4. Para termos esta figura. Levamos o vértice *a* até o *a'*




5. E agora as arestas laterais *ac* e *bc*, até a liña mediana.




6. Xuntamos un co outro os dous novos vértices, na dirección da frecha.



7. Dobramos cara a diante, pola liña media só unha das láminas que se atopan á esquerda.






8. Repetimos os movementos da figura 5.



9. Sendo esta a figura resultante, que polo reverso é idéntica.




Xuntamos as dúas metades de diante cara a diante, e as dúas de atrás cara a atrás.



10. Temos estoutra figura. O triángulo inferior é unha soa folla e témola que dobrar pola liña sobre si mesma meténdoa dentro da abertura. Facemos o mesmo pola parte de atrás da figura.

11. O resultado das pregas anteriores é este. Levamos o vértice a contra o a' .



12. E agora pola liña, toda punta superior cara abaixo.



13. Veremos esta figura.

14. Tal como fixemos na figura 10, introducimos a punta do papel pola abertura. Abrimos a parte lateral esquerda e quedará por detrás como a figura 12.

15. Con ela facemos o mesmo que nos pasos 13 e 14, obtendo esta nova figura. Dobramos e desdobramos pola liña para que quede ben marcado o vinco.



16. Abrirémola pola parte superior.

17. E xa está o noso modelo de copeta rematado.